

**Acta núm. 09/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 16 de xuño de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 16 de xuño de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2026, DO 19/05/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) PRÓRROGA COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.
- 10º) PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 11º) VAOS PERMANENTES.
- 12º) MODIFICACIÓN DE AUTORIZACIÓN DE VAO PERMANENTE.
- 13º) RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA ACORDO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.
- 14º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 08/2026, DO 19/05/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 19.05.2026, acta núm. 08/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO TORREIRA VILACOBA, na que comunica que vai executar obras no inmovible sito na Avda. dos Ánxeles nº 48 – Os Ánxeles, consistentes na substitución da cuberta de tella cerámica curva da vivenda, cunha superficie de 88 m², así como na realización de labores de limpeza das súas fachadas. Así mesmo, prevese a substitución da cuberta do almacén anexo á vivenda, de 46 m² de superficie, por unha nova cuberta executada con panel sándwich de cor vermella.

A parcela (referencia catastral 6546321NH2464N0001AD) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 71,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 135,57 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER GÓMEZ FREIRE, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita no lugar de Tourís nº 6 - Luaña, substituíndo a tella vella existente por outra nova das mesmas características.

A vivenda (referencia catastral 0245503NH2404N0001DS) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,70 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 169,27 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN DOPAZO GARCÍA, na que comunica que vai substituír dúas ventás da vivenda sita na Avda. Santa Minia nº 47 – Brión, por outras de similares características e da mesma cor (branca). Tamén executarán obras de reparación no baño interior.

A vivenda (referencia catastral 6259908NH2466S0001MO) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1; así mesmo atópase dentro do contorno de protección dun elemento de interese cultural catalogado polo PXOM: o antigo cine Mahía, identificado coa clave BE13 e cun nivel de protección estrutural, non obstante, segundo informe do arquitecto municipal, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As dúas novas ventás deberán manter o mesmo material que as existentes, de conformidade co establecido na Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 90,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 154,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Jesús Álvarez Flórez, que di actuar en representación do Departamento Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional da Coruña, na que comunica que vai executar obras de reparación dos canlóns perimetrais do edificio IES de Brión.

A edificación (referencia catastral 6559445NH2466S0000LI) onde se pretenden executar as obras atópase asentada sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, e cualificado como equipamento dotacional.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,44 euros.

Total: 15,44 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por REBECA VILLAVERDE LÓPEZ, na que comunica que vai executar obras de conservación e mellora sobre o muro perimetral dunha parcela sita no lugar de Coruxido – Bastavales, actualmente construído con base de formigón, postes e arameira. As obras consistirán no enfuscado da parte executada con fábrica de bloques e conseguinte pintado desta en tons claros.

A parcela (referencia catastral 7601206NH2470S0000KW) sobre a que se pretende actuar está clasificada como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 75,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto García Rey, que di actuar en representación de SANDRA REY FERNÁNDEZ, na que comunica que vai executar un peche na parcela sita Sabaxáns nº 91 – Bastavales, que afecta ao linde frontal, en contacto coa estrada autonómica AC-300, ao linde posterior e ao lateral dereito da parcela, coas seguintes características:

- O peche frontal executarase mediante fábrica de sillería de pedra ata unha altura de 1,35 metros, intercalada con columnas do mesmo material, coroándose cun panel de aluminio ata acadar unha altura total de 1,80 metros sobre a rasante da beirarrúa existente. Así mesmo, nesta fronte instalarase un portalón de acceso.

- Os peches lateral dereito e posterior da parcela executarase mediante unha base de formigón armado de 1,20 metros de altura, sobre a que se colocarán postes metálicos e arameira, ata acadar unha altura total de 1,80 metros sobre a rasante natural da parcela.

A parcela (referencia catastral 15013B503435970000MX), onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1) e atópase dentro da zona de protección da estrada AC-300.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de data 07.03.2025 (expediente nº IF205D/AC/2024/0128), e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberase axustar ás condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de data 07.03.2025 (expediente nº IF205D/AC/2024/0128).

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 183,20 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 247,77 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Victor Manuel Reyro Rodríguez, que di actuar en representación de AQUAFIT GESTIÓN, S.L, na que comunica que vai executar obras de mellora nas instalacións municipais, consistentes na instalación dun total de 83 módulos fotovoltaicos sobre a cuberta da piscina municipal de Lamiño, destinados á xeración de enerxía eléctrica (40 Kw) para o autoconsumo das propias instalacións.

Os paneis fotovoltaicos instalaranse de xeito coplanario á cuberta dispostos en paralelo ao plano do faldón da cuberta, consonte co proxecto técnico redactado polo enxeñeiro de enerxía e minas José María Fernández Taín.

A edificación (referencia catastral 6559444NH2466S0001AO), sobre a que se pretende actuar atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, coa cualificación de dotacional deportivo.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BENITO DÍAZ RIVAS, na que comunica que vai realizar obras de instalación dun tramo de tubaxe soterrada sobre camiño municipal para acometida de traída veciñal de auga nas inmediacións da vivenda nº 24 do lugar de Xinzo. O tramo previsto ten unha lonxitude aproximada de 5 metros lineais e permitirá a conexión coa tubaxe existente en ambas as dúas cunetas.

As parcelas (referencias catastrais 9911206NH2491S0001PT e 9910611NH3491S0001HJ) nas que se pretenden executar as obras atópanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,17 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ ANTONIO TOBIO GÓMEZ, na que comunica que vai realizar obras de reparación dunha perda de auga da traída veciñal na fronte da vivenda sita en Bemil nº 22 – Bastavales, coincidindo a actuación co bordo exterior da beirarrúa executada con baldosa hidráulica e coa calzada pavimentada con aglomerado asfáltico.

A parcela (referencia catastral 7410722NH2471S0001FB) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 2,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 66,57 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por AMALIA VILANOVA CASAL, na que comunica que vai pintar o portalón metálico de entrada á finca e das fachadas do garaxe anexo á vivenda sita na Avda. Santa Minia nº 62 – Brión, en cor gris.

A vivenda (referencia catastral 6559402NH2466S0001PO) onde se van a executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,80 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 77,37 euros.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FRANCISCO JAVIER NIETO GARCÍA, na que comunica que vai executar un peche vexetal de 5 metros lineais mediante tuias, situado na fronte da parcela entre un cuberto e un hórreo, no lugar de O Rial, Brión.

A parcela (referencia catastral 5165701NH2456N0001LB) onde se vai executar o peche aséntase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural (SNR), dentro da área consolidada pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche situarase a 4,50 metros do eixo da pista, deixando sempre libre (a envolvente do peche vexetal) a franxa de 4 metros do eixo que fixa o PXOM como aliñamento oficial.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 0,60 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 65,17 euros.

I) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de ROSA MARÍA GARCÍA CARBÍA, na que comunica que vai trasladar un hórreo de dous claros dende a parcela coa referencia catastral 6940504NH2464S0001LZ á parcela coa referencia catastral 6940502NH2464S0001QZ, sitas no lugar de Estrar - Os Ánxeles.

As parcelas obxecto da actuación atópanse dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), sendo de aplicación a ordenanza nº 8 e sitúanse na aldea de Estrar que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave AC4 e na zona de policía do rego Sanín (Codrío 24410016).

A Xunta de Goberno Local, á vista das autorizacións da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 07.05.2026 (expte. XTC-2026-0658.AUI), de Augas de Galicia (clave: DH.W15.117224) de data 02.06.2026, e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumprírase a condición imposta na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 07.05.2026 (expediente XTC- 2026-0658.AUI):

- *Non se poderán colocar placas de fibrocemento baixo a tella. A tella dispórase sobre o entaboado de madeira e, de ser necesario, poderá incluírse algún tipo de protección sobre este, xa sexa cunha imprimación ou mediante a colocación dunha lámina transpirable.*

- Cumpríranse as condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 02.06.2026, (clave DH.W15.117224).

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 142,49 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 207,06 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA ACTIVIDADE.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Carlos Taibo Rivera, que di actuar en representación de ASTRID ALEJANDRA CAAMAÑO GEORGE, na que comunica o inicio da actividade de “salón de beleza (salón de uñas)”, no local nº 7 (referencia catastral 6349310NH2465S0058SA), do edificio comercial sito entre a Avda. de Noia nº 16 e a Avda. dos Ánxeles nº 38.

Antecedentes:

Con data 03.03.2026 a Xunta de Goberno Local autorizou a ASTRID ALEJANDRA CAAMAÑO GEORGE a executar obras de acondicionamento no local nº 7, do edificio comercial sito entre a Avda. de Noia nº 16 e a Avda. dos Ánxeles nº 38, para destinalo a “Salón de beleza (salón de uñas)”, consonte co proxecto redactado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, asinado en data 02.02.2026 e documentación complementaria asinada en data 12.02.2026.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, e do certificado final da obra asinado polo autor do proxecto de acondicionamento en data 19.05.2026, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a actividade de “Salón de beleza (salón de uñas)”, no local nº 7 (referencia catastral 6349310NH2465S0058SA), do edificio comercial sito entre a Avda. de Noia nº 16 e a Avda. dos Ánxeles nº 38, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RITA BELLO CALVO, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de “fábrica de mangos de escoba” da nave situada no lugar de Sabaxáns nº 25 – Bastavales.

A devandita licenza de actividade foi concedida pola Comisión de Goberno en data 11.04.2002 a favor de José Manuel Bello Neo, e agora solicítase a súa transmisión a favor de Rita Bello Calvo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de “fábrica de mangos de escoba” da nave situada no lugar de Sabaxáns nº 25 - Bastavales, a nome de RITA BELLO CALVO, DNI ***7234**.

2º) Notificar este acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para

realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (9,20 kw) a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Coruxido nº 58 – Bastavales, abrindo unha gabia (13 ml), sobre vial municipal, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Francisco David Lainez Sánchez asinada con data 22.05.2026.

A vivenda (referencia catastral: 15013B503009250000MX) obxecto de subministro está dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, sédolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 249,26 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 49,85 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 114,42 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (9,20 kw) a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Souto nº 19 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia (24 ml), sobre vial municipal, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez, asinada con data 12.03.2026.

A vivenda (referencia catastral: 5836402NH2453N0001PG) obxecto de subministro aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 174,12 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 34,82 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 99,39 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Elena Navarro Cuellas, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico (5,75 kw) a unha vivenda unifamiliar emprazada no lugar de Guitiande nº 50 – Os Ánxeles, abrindo unha gabia (14 ml), sobre vial municipal, consonte coa memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez con data 12.05.2026.

A vivenda (referencia catastral: 6952531NH2465S0001LG) obxecto de subministro aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza nº 8) do PXOM. Así mesmo situase na aldea de Aguiar, que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave: AE4, e con nivel de protección estrutural, polo que as intervencións que se pretendan realizar nela deberán ser autorizadas polo concello mediante o procedemento establecido no artigo 142.2.b da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 70,21 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 14,04 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,61 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por DANIEL CAMPOS FERREIRO, na que solicita licenza para executar un peche na parcela sita Sanín nº 27 – Os Ánxeles, en tres dos seus lindes: no fronte en contacto coa vía pública; no linde posterior; e no lateral sur, coas seguintes características:

-. O peche frontal executarase en bloque revestido con chapa de pedra ata unha altura de 1,20 metros, coroadado con ringleira de pequenas columnas de pedra e peza/chapa de remate ata acadar a altura total de 1,80 metros, e intercalándose pilastras de pedra (8 uds) cada 10 metros.

-. Os peches lateral sur e posterior executaranse mediante un zócolo de fábrica de bloque revestido de 40 cm de altura (2 fiadas), sobre o que se disporán postes de formigón intercalados e peche de arameira ata acadar unha altura total de 1,50 m.

A parcela (referencia catastral 6538406NH2463N0000MK), conta con dúas clasificacións; parte da parcela clasificada como solo de núcleo rural dentro da zona consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 do PXOM e parte (fondo da parcela) como solo rústico de protección agropecuaria.

Asemade sitúase na aldea de Sanín, incluída no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM, identificada coa clave AE6, cun nivel de protección estrutural. En consecuencia, a

presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Que a altura das pilastras de pedra que compoñen o peche da fronte da parcela non superen a altura total de 1,80 metros.
- O peche deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo da pista municipal.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 101,64 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 166,21 euros.

e) Deuse conta dunha instancia presentada por CARLOS MOURELLE VIQUEIRA, na que solicita licenza para a execución das obras de pintado das fachadas do edificio situado no lugar de Aguiar nº 9 e 10, Brión, mantendo a mesma tonalidade actualmente existente.

A parcela (referencia catastral 6468409NH2464N0001ED), aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (Ordenanza nº 8 do PXOM).

Asemade sitúase na aldea de Aguiar, incluída no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM e identificada coa clave BE2, cun nivel de protección estrutural. En consecuencia, a presente actuación queda sometida ao réxime de licenza, de conformidade co disposto no artigo 39 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Que as fachadas queden pintadas dentro dos tons recollidos dentro da gama da guía de cores e materiais de Galicia, elaborada pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 97,00 euros.
- Total: 97,00 euros.

SIXTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de MARÍA DEL CARMEN VIGO FREIRE e MANUEL ROMERO MOSQUERA, na que solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Soutullos 29 – San Salvador, segundo proxecto básico e de execución, asinado polo arquitecto Roberto García Rey, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.04.2026 e documentación complementaria visada con data 12.05.2026 (expt. 2601759).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7525418NH2472N0000ZT) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación dúas ordenanzas:

- . 502 m² en ordenanza nº1 do PXOM (UC-1).
- . 1.087 m² en ordenanza nº2 do PXOM (UC-2), no que se sitúa a vivenda.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Roberto García Rey, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 09.04.2026 e documentación complementaria visada con data 12.05.2026 (expt. 2601759).
- . Como garantía da urbanización necesaria para que os terreos alcancen, se non a tivesen, a condición de solar, deberán aportar aval por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- . Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m3.
- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 4.416,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 105,51 euros.
- Total: 4.521,51 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por José Manuel Fernández Castro, que di actuar en representación de MANUEL CAPELO NEGREIRA, na que solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar e traslado de hórreo en Estrar 44 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 08.01.2026 (expte. 2505991).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 7139232NH2474S0001SW) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural para áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e sitúase na aldea de Estrar, incluída no catálogo do PXOM coa clave identificativa AC4 con nivel de protección ambiental, polo que a competencia para autorizar as intervencións nos bens catalogados cun nivel de protección estrutural ou ambiental corresponde ao Concello de Brión, de conformidade cos artigos 39 e 65 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, modificada polo artigo 78 da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 08.01.2026 (expte. 2505991).
- No marco da colaboración administrativa e con carácter facultativo, recoméndanse seguir os criterios recollidos no apartado 2 do informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 21.04.2026 (Expte. XTC-2026-0116.AUI) en relación ás actuacións sobre o hórreo:
 - *Aproveitarase para a restauración e na súa mesma posición toda a madeira posible usando as técnicas e métodos tradicionais de trabazón. Excepcionalmente poderanse substituír os elementos irrecuperables polo seu deterioro por outros das mesmas dimensións, ou reforzar os elementos estruturais mediante unha prótese ou co incremento da súa sección. En*

calquera dos casos, os novos elementos deberán ser do mesmo tipo de madeira que as pezas orixinais.

- A intervención na madeira reducirase a súa limpeza con cepillo de arames ata eliminar a sucidade e permitir a impregnación dos produtos protectores, sen eliminar na medida do posible o efecto do paso do tempo.*
- Protexerase a madeira cun produto insecticida e funxicida. A pintura e a súa cor será como a existente na zona, e as súas características permitirán a transpiración da madeira polo que se empregará pintura de poro aberto (lasures). Non se empregarán nin vernices nin pinturas plásticas.*
- Poderán empregarse cores vivas sempre que se constate a existencia no contorno de hórreos do mesmo tipo pintados coas mesmas cores ou permanezan restos de pintura evidentes nos elementos que se conserven.*
- A tella ou a lousa existentes recuperarase na medida do posible para o seu uso na nova cubrición, De ser necesaria, a súa renovación farase do xeito tradicional co material análogo ao existentes e de formas e acabamentos o máis similar posible. Non se empregarán espumas nen adhesivos e evitarase o uso de ganchos visibles.*
- A limpeza da pedra será un tratamento moi lixeiro. Farase manualmente con cepillo de cerdas naturais, empregando auga e xabón neutro, respectado as pátinas existentes e sen eliminar os liques alaranxados.*
- Non se empregarán sobre a pedra herbicidas, hidrofugantes nin outras substancias químicas que poidan danala.*
- De precisárense, os morteiros que se usen serán de cal ou de cal e arxila, entoados segundo as características da pedra existente. Non se empregarán morteiros de cemento.*
- Non se poderá colocar placas de fibrocemento baixo a tella. A tella ou lousa disporase sobre o entaboadado de madeira e, de ser necesario, poderá incluírse algún tipo de protección sobre este, xa sexa cunha imprimación ou mediante a colocación dunha lámina transpirable.*
- Debe acreditarse documentalente a ficha técnica dos materiais que se usen, en especial as pinturas e outros materiais de protección e acabado”.*

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (40,00 m² asinados en documento administrativo de cesión), deberá aportar aval por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m³.

- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar e traslado do hórreo, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 40,00 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 04 de xuño de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 2.500,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.596,03 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de ALEJANDRA PORTO EIBE, na que solicita licenza para a demolición dun galpón e ampliación dunha edificación para uso vivenda unifamiliar en Bemil 38 - Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fdez. Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 07.05.2026 e documentación complementaria visada con data 19.05.2026 (expte. 2600387).

As parcelas onde se van executar as obras (referencia catastral 7110919NH2471S0001MB e 7110920NH2471S0001TB, emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de

núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fdez. Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 07.05.2026 e documentación complementaria visada con data 19.05.2029 (expte. 2600387).

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos necesarios para a apertura o regularización do viario preciso (107,00 m² asinados en documento administrativo de cesión), deberá aportar aval por un importe de 900,00 €, con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Conectará cos servizos existentes no entorno da parcela; rede municipal de abastecemento, rede municipal de saneamento, sen conectar pluviais coas fecais, rede de electricidade e telefonía sen novos tendidos aéreos, soterrando e recuando postes, de ser o caso, e acondicionará a ampliación de vía para uso público no fronte da parcela, dispoñendo canle para paso das augas de escorrenta da cuneta – resolverase con tubo de PVC ou PP soterrado con diámetro non menor a 400mm e sumidoiros de recollida cada 20 metros. O pavimento contará cunha solución resistente no tempo coma formigón sobre base firma regularizada e executarase unha beirarrúa, de formigón armado coloreado, en cor laranxa con dosificación 5kg/m3.

- A obtención da licenza para a demolición e ampliación da edificación, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha comunicación previa, segundo o artigo 142 da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao

inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 107,00 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 24.2) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 04 de xuño de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 4.006,00 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 111,95 euros.
- Total: 4.117,95 euros.

SÉTIMO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por PASCUAL GALLEGO DELGADO, na que solicita a modificación da licenza concedida para construír unha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Casaldoeiro 13 – Bastavales.

Antecedentes:

1.- En sesión da Xunta de Goberno Local de data 26.03.2024, concedeuse licenza a PASCUAL GALLEGO DELGADO para a construción dunha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina en Casaldoeiro 13 – Bastavales, segundo o proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.11.2023 (expte. 2306044).

2.- En sesión da Xunta de Goberno Local de data 15.07.2025, concedeuse modificación da licenza segundo o “Reformado de básico e de execución de vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina” redactado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 19.05.2025 (expte. 2306044), e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despregará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Con data 06.05.2026 solicítase modificación da licenza concedida no senso de autorizar a colocación dun depósito estanco homologado como sistema individual de saneamento por imposibilidade de evacuación ordinaria por gravidade.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes desfavorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Denegar a nova solicitude de modificación da licenza municipal de obra de data 06.05. 2026 que fora concedida pola Xunta de Goberno Local do 26.03.2024 a favor de PASCUAL GALLEGO DELGADO e posteriormente modificada en data 15.07.2025, que se refire á colocación dun depósito estanco homologado como sistema individual de saneamento por imposibilidade de evacuación ordinaria por gravidade, debendo manterse a solución orixinal que figura nos títulos habilitantes aos que se refire a licenza do 26.03.2024 e a súa posterior modificación do 15.07.2025.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:
.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
Total: 64,57 euros.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos, con expresión dos recursos pertinentes, xuntando copia dos informes referenciados que constan no expediente.

OITAVO. - RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta da presentación por parte de MARÍA ELENA DOSÍL PIAS, da solicitude de renuncia á licenza de obra maior concedida pola Xunta de Goberno Local do 19 de abril de 2022 a María Elena Dosil Pías para a construción dunha vivenda unifamiliar en Cirro (San Salvador), referencia catastral: 7732509NH2473S0001XI, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, con data de visado de 26.03.2021(expte. núm 2101640).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal no que sinala que as obras non foron executadas, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da renuncia efectuada deixando sen efecto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 19.04.2022.

2º) Anular a liquidación aprobada do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) devengado neste expediente, por importe de: 1.860,00 euros.

3º) Manter a liquidación aprobada da taxa de tramitación de licenzas urbanísticas por importe de: 96,03 euros.

4º) Proceder por tesourería á devolución do aval bancario por importe de 900,00 €.

5º) Notificar o presente acordo á interesada.

NOVENO.- PRÓRROGA COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARTA FERNÁNDEZ CASTRO, que di actuar en representación de NORVENTO, S.L., na que solicita prórroga para o remate das obras de

execución dun parque eólico, denominado parque eólico Olerón, a emprazar de xeito conxunto nos termos municipais de Rois e Brión.

Antecedentes:

1-. Con data de 19.11.2024 a Xunta de Goberno Local autorizou ao interesado mediante o trámite de comunicación previa a execución dun parque eólico, denominado parque eólico Olerón, a emprazar de xeito conxunto nos termos municipais de Rois e Brión, consonte co proxecto de execución asinado polo enxeñeiro industrial Pablo María Fernández Castro, que conta con visado colexial de data 16.01.2023.

2-. Con data de 25.11.2025 a Xunta de Goberno Local concede a NORVENTO, S.L. unha prórroga para o remate das obras por un prazo de seis meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha segunda prórroga de 6 meses para o remate das obras, contados desde o día seguinte ao da notificación deste acordo.

DÉCIMO.-PRÓRROGAS DE LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Carmen Pérez Pérez, que di actuar en representación de SUSANA ÁLVAREZ MILLÁN, na que solicita prórroga do prazo de inicio das obras para construír unha vivenda unifamiliar e piscina en Romarís 25 – Bastavales.

Antecedentes:

1-. A Xunta de Goberno Local en data 11.11.2025 concedeu licenza de obra a Susana Álvarez Millán e Carlos Rohjer Rondón González para construír unha vivenda unifamiliar, edificación auxiliar e piscina no lugar de Romarís nº 25, parroquia de Bastavales, segundo proxecto básico asinado pola sociedade Lagom Arquitectura, S.L.P., visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.05.2025 (expte 2502894) e documentación complementaria asinada con datas de 10.09.2025 e 03.10.2025 por Lagom Arquitectura, S.L.P.

2-. A Xunta de Goberno Local en data 05.05.2026 toma coñecemento da presentación do proxecto de execución asinado pola arquitecta Carmen Pérez Pérez (Lagom Arquitectura, S.L.P.), visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 12.03.2026 (expte 2502894), e documentación complementaria (oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde), que desenvolve o proxecto básico que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 11.11.2025, e autoriza o inicio das obras.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade:

1º) Conceder unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o inicio das obras.

2º) Notificar o presente acordo á interesada para o seu coñecemento e efectos.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Mariano Valderrama Ferrando, que di actuar en representación de JORGE ABOAL VIÑAS, na que solicita prórroga para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina na rúa Santiago nº 1 - Os Ánxeles.

Antecedentes:

1-. En data 22.10.2024 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza de obra a Jorge Aboal Viñas e María Florentina Alonso Alperi para construír unha vivenda unifamiliar, edificacións auxiliares, pérgola e piscina na rúa Santiago nº 1 (parroquia dos Ánxeles), segundo proxecto básico modificado asinado polo arquitecto Carlos Valderrama Ferrando con data 26.08.2024 e documentación complementaria (plano R.3.5) de data 18.09.2024.

2-. En data 29.04.2025 a Xunta de Goberno Local concedeu unha prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte da notificación ao interesado do acordo para o inicio das obras.

3-. En data 25.11.2025 a Xunta de Goberno Local concedeu unha segunda prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte da notificación ao interesado do acordo para o inicio das obras.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, acorda por unanimidade.

1º) Conceder unha terceira prórroga de 6 meses, contados desde o día seguinte ao da notificación ao interesado deste acordo, para o inicio das obras.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO PRIMEIRO. VAOS PERMANENTES.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por NEREA FERREIRO ARCAI, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao para a entrada e saída de vehículos do garaxe da vivenda sita na rúa San Ramón 4º A -Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 23.04.2026, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente (4 m.), nos termos establecidos na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao para a entrada e saída de vehículos do garaxe da vivenda sita en Gundín nº 6, B -Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 02.06.2026, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente (3 m.), nos termos establecidos na Ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, (BOP nº 151, do 10/08/2010), deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.
Total: 63,00 euros.

DÉCIMO SEGUNDO.- MODIFICACIÓN DE AUTORIZACIÓN DE VAO PERMANENTE.

a) Visto o novo informe emitido pola policía local con data 15.05.2026, favorable á ampliación das dimensións do vao autorizado na vivenda sita en Xinzo nº 8 – Bastavales, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º) Modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local con data 05.05.2026, polo que se concedeu licenza municipal para a colocación dun vao de 5 metros de ancho, no sentido de autorizar un vao de 8 metros de ancho.

2º) Manter o resto do acordo nos seus propios termos.

3º) Notificar o presente acordo á persoa interesada para o seu coñecemento e efectos oportunos.

DÉCIMO TERCEIRO.- RATIFICACIÓN DE DECRETO DE ALCALDÍA ACORDO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dada conta do decreto da alcaldía do 01.06.2026, que transcrito di:

ASUNTO: DECRETO ACORDO DE CONTINUIDADE NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

EXPEDIENTE: 2026/G003/000354

ANTECEDENTES:

1. O concello con data 07.06.2024 asinou coa empresa ATTENDE CARE S.L., NIF: B70091749, o contrato de servizos de axuda no fogar do concello, cunha duración de dous anos (24 meses), con efectos desde o día 7 de xuño de 2024, non sendo prorrogable.

2. Polo concello tense iniciado o expediente para a realización da nova licitación do servizo, pero debido a súa complexidade, non poderá formalizarse o novo contrato con anterioridade ao 7 de xuño de 2026.

Fundamentos de dereito:

O contrato non pode prorrogarse por non estar prevista a prórroga no mesmo e non se dan tampouco as condicións previstas no artigo 29.4. da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público. Non obstante considerando que por razóns de interese público o concello non pode deixar de prestar este servizo aos veciños, o que se xunta á necesidade da continuidade do servizo (e mentres non se seleccione ao novo contratista) que impón coactivamente a permanencia do anterior contratista.

En consecuencia, tendo en conta as mesmas consideracións a respecto da esencialidade do servizo e a necesidade de continuidade da prestación en base ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ao consideralo un servizo esencial.

Aínda que o período de vixencia do contrato vai rematar con data 7 de xuño de 2026, se entende que por razón do interese público, cal é o mantemento dun servizo público esencial, é necesario, de non existir a tácita recondución no ámbito da contratación administrativa, que se

acuda a esta vía que ampara ao concello para acordar a continuidade da prestación do servizo ata que o novo contrato sexa adjudicado.

Neste caso, esta necesidade e urxencia é especialmente relevante, posto que as corporacións municipais non poden deixar de asumir as súas competencias en materia de servizo de axuda no fogar a dependentes e libre concorrència. Non pode esquecerse que non estamos ante un contrato de obra ou subministro cuxo cumprimento se perfecciona coa entrega, estamos ante un contrato de prestación de servizos que non pode suspenderse sen que se deriven diso consecuencias importantes para o interese público.

A lexislación contractual establece o principio de continuidade na prestación do servizo para os contratos de xestión de servizos públicos tras a entrada en vigor da Directiva 2014/24.

Nesta a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, establece no seu artigo 29.4, derradeiro parágrafo:

“No obstante lo establecido en los apartados anteriores, cuando al vencimiento de un contrato no se hubiera formalizado el nuevo contrato que garantice la continuidad de la prestación a realizar por el contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecimientos imprevisibles para el órgano de contratación producidas en el procedimiento de adjudicación y existan razones de interés público para no interrumpir la prestación, se podrá prorrogar el contrato originario hasta que comience la ejecución del nuevo contrato y en todo caso por un periodo máximo de nueve meses, sin modificar las restantes condiciones del contrato, siempre que el anuncio de licitación del nuevo contrato se haya publicado con una antelación mínima de tres meses respecto de la fecha de finalización del contrato originario o, tratándose de un contrato basado en un acuerdo marco o un contrato específico en el marco un sistema dinámico de adquisición, se hayan enviado las invitaciones a presentar oferta del nuevo contrato basado o específico al menos quince días antes de la finalización del contrato originario.”

Esta norma abre a posibilidade de que cando ao vencemento dun contrato aínda non se tivera formalizado o novo contrato ao finalizar o prazo concesional podería prorrogarse o contrato orixinario ata que empece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de 9 meses, sen modificar as condicións restantes do contrato.

Neste caso, non se da o suposto previsto na norma pois non foi publicado o inicio do expediente de contratación cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de remate do contrato orixinario; poren, é de interese público, tal e como se ten argumentado con anterioridade a continuidade da prestación do servizo, pois supón o exercicio dunha competencia irrenunciable para a administración, ademais do prexuízo que para o interese público suporía a suspensión da prestación, que podería derivar en graves problemas no municipio, posto que o concello non dispón de medios materiais e humanos suficientes para poder facer fronte de xeito eficaz e eficiente a dita necesidade, razón pola que se tiña acordado a externalización de dita prestación.

Neste senso se ten pronunciado tamén a xurisprudencia do Tribunal Supremo en sentenzas como a de 18 de novembro de 1986, ó dicir: “ *Una situación excepcional en que denunciado el contrato en la forma legalmente establecida y pactada, la administración por razones de interés público, unidas a la necesidad de continuidad del servicio -mientras no se seleccione al nuevo contratista- impone coactivamente la permanencia de la anterior con unas consecuencias equiparables a las producidas cuando la administración hace uso de las facultades que forman el contenido del “ius variandi”, con la ineludible contrapartida de la compensación económica a favor del contratista o concesionario de un servicio público, como es el caso al tratarse de un contrato de limpieza...*”

Polo tanto, esta alcaldía considera que debe adoptarse o acordo de continuidade de prestación do servizo derivado do contrato por parte da empresa adxudicataria nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 07.06.2024, polo tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato.

Considerando que non se prexudican dereitos de terceiros e que esta ampliación ten carácter excepcional, e dada a urxencia do asunto, resolvo:

1º) Acordar a continuidade de prestación dos servizos derivados do contrato de servizo de axuda no fogar, por parte da empresa ATTENDE CARE S.L., con NIF: B-70091749, nos mesmos termos que foron pactados mediante o contrato de data 07.06.2024, desde o día 07.06.2026 ata o ata o 07.11.2026, que se considera o tempo imprescindible para a realización da adxudicación dun novo contrato, agás que con anterioridade se produza a formalización do novo contrato, e todo elo coa ineludible contrapartida da compensación económica a favor do contratista, que poida tramitarse.

2º) Desta resolución darase conta á Xunta de Goberno Local para os efectos da súa ratificación.

3º) Notificar esta resolución ao contratista para o seu coñecemento e efectos, e comunicar igualmente á responsable do contrato.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Ratificar o decreto da alcaldía nos seus propios termos.

DÉCIMO CUARTO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,33 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González